



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Aprobación padrón e lista cobratoria. Emalcsa tarifas auga 2º trimestre 2024

### ANUNCIO

**APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 2º TRIMESTRE 2024**

Expediente TEDEC: 2024/X999/000123

Por resolución ditada en data 23 de setembro de 2024, Decreto nº 370/2024, o Sr. Alcalde resolveu :

**PRIMEIRO.-** Aprobar o padrón de auga- sumidoiros do Concello de Carral correspondente ao segundo trimestre do 2024 (abril, maio, xuño 2024), co seguinte resumo:

CONCEPTO		Nº CLIENTES	CONSUMO, m3		IMPORTE, euros	
			medido	facturado	base	ive
ABASTECIMIENTO	NO DOMESTICO	321	17.593	18.078	17.250,65	1.724,64
	DOMESTICO	2675	60.592	61.523	49.596,21	4.957,52
	OBRAS	23	627	627	661,58	66,18
	CONCELLOS	3	18.897	20.747	5.865,17	586,52
TOTALES		3022	97.709	100.975	73.373,61	7.334,86
SUMIDOIROS	NO DOMESTICO	190	13.805	14.055	1.686,60	168,65
	DOMESTICO	1.929	40.529	41.059	4.849,82	484,02
	OBRAS	11	389	389	46,68	4,65
	HOSTELERIA	24	1.086	1.174	140,88	14,06
TOTALES (solo alcant)		2.154	55.809	56.677	6.723,98	671,38
DEPURACION	NO DOMESTICO	229	13.806	14.055	8.604,17	860,91
	DOMESTICO	1.959	40.411	40.941	15.099,34	1514,65
	OBRAS	16	389	389	280,35	28,06
	HOSTELERIA	26	1.086	1.174	714,67	71,54
TOTALES		2.230	55.692	56.559	24.698,53	2.475,16
CANON DO AUGA		3.018	78.790	80.206	25.337,23	--
ALQUILER CONTADOR		2.259	--	--	3.912,27	829,48

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o devandito padrón, por prazo de quince días desde o día seguinte á correspondente publicación no boletín oficial da provincia, nas dependencias municipais, nas oficinas de EMALCSA en Carral (Costa do Pincho, 40-42) e na Coruña (Rúa Manuel Murguía s/n- Casa da Auga).

Esta publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. As persoas interesadas poderán examinar as liquidacións e presentar reclamacións durante un período de quince días, contados a partir da data de inicio do cobramento da referida taxa, nas dependencias sinaladas e no teléfono de Atención ao Cliente (981242322).

**TERCEIRO.-** Aprobá-las liquidacións que figuran no citado padrón dos abonados que constan no expediente desde A Taberna XXI S.L. ata Zarbo Varela, Rosario Valeria, polo importe global de 145.356,50 € (119.938,47 € de liquidacións -abastecemento, sumidoiros, depuración e alugueiro contadores- e 25.418,03 € de canon de Augas de Galicia).

**CUARTO.-** Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente. Así mesmo, a repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

**QUINTO.-** Que se poñan ao cobro os recibos correspondentes a tales liquidacións. O período voluntario de cobro será de dous meses desde o día seguinte á publicación no boletín oficial da provincia -BOP- do citado edicto. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de prema e devengarase os correspondentes xuros do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan. Así mesmo, a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos que obran nesta Administración e que foron entregados a EMALCSA, S.A.. Por razóns de eficacia administrativa e co fin de evitalles desprazamentos e esperas innecesarias ás persoas contribuíntes, este sistema será considerado coma preferente. Os recibos domiciliados serán remitidos ás correspondentes contas bancarias a partires do día 30 de setembro de 2024.

Nas dependencias de EMALCSA en Carral ou na Coruña ou no número de conta que EMALCSA habilitou ao efecto: ABANCA IBAN ES63 2080 0002 6130 4000 1747 .

Para os efectos de lograr unha maior eficacia na prestación destes servizos prégame a todas as persoas usuarias que, en caso de detectaren algunha anomalía ou erro nos seus datos identificativos de titularidade, enderezo ou conta corrente, se poñan en contacto con EMALCSA á fin de que se poida proceder á rectificación dela.

**SEXTO.-** Comunicarlle este decreto a EMALCSA.

Concello de Carral, 23 de setembro de 2024

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/6663